



**ACTA DA REUNIÓN DO 7 DE SETEMBRO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INTERPRETACIÓN DA LINGUA DE SIGNOS.**

**PRESIDENTE:**

D. Miguel Ángel Santalices Vieira  
Vicepresidente 1º do Parlamento de Galicia

**VOGAIS:**

Dª. Marisol Soneira Tajés  
Vicepresidenta 2ª do Parlamento de Galicia

D. José Manuel Balseiro Orol  
Secretario do Parlamento de Galicia

D. Juan Carlos Caride Puente  
Letrado do Parlamento de Galicia

Dª. María del Carmen Fernández da Silva  
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

**SECRETARIO:**

D. Santiago González Serrano  
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento, ás 12,35 horas do **7 de setembro de 2015**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación das ofertas presentadas na contratación, mediante procedemento aberto, dos servizos para a prestación do servizo de interpretación da lingua de signos.

**Orde do día:**

Punto único.- Constitución da Mesa de contratación e apertura e exame da documentación incluída nos sobres "A" (Capacidade para contratar e solvencia económica, financeira e técnica e profesional dos licitadores).

De seguido procedese a:

**PRIMEIRO.**- O Sr. Presidente declara constituída a Mesa.

A continuación, o Secretario achega a certificación do xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria do Parlamento de Galicia na que se fan constar as proposicións presentadas, que son as seguintes:

ENTIDADE	registro núm.:
UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982	40114
Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia	40117

**SEGUNDO.**- Seguidamente a Mesa de contratación procede ao estudo da documentación contida nos sobres A presentados polas empresas concorrentes.

Da análise da documentación presentada por David Fernández García en representación da UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García

Lei 18/1982 comprobouse a falta, conforme ao esixido no apartado 6 da cláusula sétima do prego de cláusulas administrativas, de documento subscrito por cada persoa representada no que se comprometan, de resultar adxudicatarias, a constituírse en unión de empresarios

En consecuencia, ao abeiro do disposto no artigo 81 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da lei de contratos das administracións públicas, a Mesa de Contratación acorda requirir ás persoas que constituirán a UTE David Fernández García, Ruth Lamas Ferreiro e Alba Tamara Puentes García Lei 18/1982 para os efectos de que, no prazo de 3 días hábiles, presenten o compromiso mencionado.

Analizada a proposición presentada pola entidade Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia comprobouse que presenta a documentación administrativa requirida segundo o establecido na cláusula sétima dos pregos, polo tanto acorda admitila para continuar no procedemento de contratación.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12,46 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.

 <p>Miguel Ángel Santalices Vieira Presidente</p>	 <p>Marisol Soneira Tajés Vogal</p>
 <p>José Manuel Balseiro Orol Vogal</p>	 <p>Juan Carlos Caride Puente Vogal</p>
 <p>María del Carmen Fernández da Silva Vogal</p>	 <p>Santiago González Serrano Secretario</p>